



FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 33-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ALDÁN
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE A SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	Dende Punta Couso a Punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán.
Subzonas de explotación	<ul style="list-style-type: none"> De Punta Couso a Punta Pinténs De Punta Morcegos ao peirao de Aldán.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
	4	8
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		20										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ De xaneiro a marzo e decembro.												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X										X

Especies	Embarcación	Mergullador/día
Ourizo	80 kg/día	40 kg

Artes a empregar	Mergullo e apnea e con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

Puntos de control	Embarcación de vixilancia e lonxa da confraría de Aldán
Puntos de venda	Lonxa de Aldán

Outras consideracións⁽⁹⁾
No ano 2008 autorizouse un plan experimental de ourizo dende Punta Couso ata Punta Morcejos, cara ao interior da Ría de Aldán durante un total de 9 días e para un máximo de 5 embarcacións que acreditaban ter un mergullador enrolado. Ao abeiro do plan experimental do ano 2008 traballaron 9 días e a produción foi de 2620 kg, a asistencia media a pesqueira foi de 3,25 barcos e 4,75 mergulladores.



Os obxectivos propostos no plan (20.000 kg no plan) e o número máximo de días está sobreestimado á vista dos resultados da campaña do ano 2008 e da mostraxes realizadas antes e despois da explotación.

As mostraxes previas á aprobación do plan experimental xa indicaban que a zona avaliada tiña unha capacidade moi reducida para a explotación sostible de ourizo. En conxunto, atopáronse individuos en zonas puntuais de pouca extensión e pouco fondo. Realizáronse mostraxes en varias zonas da banda oriental e occidental da ría. Nas dúas zonas de mostraxe na banda oriental da ría os exemplares non acadaban o tamaño legal nunha alta porcentaxe, mentres que na banda occidental (3 zonas) o ourizo tiña maior tamaño, alcanzando en elevado porcentaxe o tamaño legal e comercial, sen embargo os índices de abundancia eran baixos. Considerábase que a única zona a explotar en canto ao tamaño do ourizo era a banda occidental da ría.

En data 27.10.2008 foi realizada unha mostraxe por parte da entidade e en presenza da bióloga de zona. Tomáronse mostraxes nunha zona da banda oriental (Laxe do Aire) e en dúas zonas da banda occidental (Punta Alada e Pinténs). O resultado final foi que se atoparon agregados de individuos dispersos na ría e en zonas puntuais de pouca extensión e profundidade (menos de 5 m). Con respecto ao tamaño, a maior porcentaxe de individuos de talla comercial (73%) correspondía coa cara occidental da ría (Punta Alada e Pinténs); na cara oriental os individuos non acadan nunha alta porcentaxe o tamaño regulamentario. Con esta mostraxe confírmase os datos obtidos no estudo previo á explotación.

Polo tanto, en data actual a única zona explotable en canto ao tamaño de ourizo sería a banda occidental da ría de Aldán. Sen embargo os resultados da explotación e da última mostraxe non xustifican a proposta da confraría relativa aos obxectivos de produción (20.000 kg), número de días de traballo (75) e topes de captura (150 kg/barco).

O día 12 de decembro o patrón maior da confraría de Aldán remite á Dirección Xeral de Recursos Mariños unha proposta de modificación do plan presentado. Dita proposta, que foi acordada por todas as embarcacións incluídas no plan experimental, afecta a obxectivos de produción, calendario previsto, días máximos de extracción e cotas máximas de captura por embarcación.

Así pois, á vista de todo o anterior, establécense as seguintes **medidas de xestión para o plan de explotación de ourizo para o ano 2009:**

- a) Os participantes limitaranse a 4 embarcacións e 8 mergulladores.
- b) Os días máximos de extracción serán 20 distribuídos no período de xaneiro a marzo e decembro.
- c) O tope de captura será de 40 kg/mergullador cun máximo de 80 kg/embarcación.
- d) As aperturas realizaranse para unha das subzonas do plan, recomendándose que comece a explotación pola banda occidental da ría (de Punta Couso a Punta Pinténs) a vista do tamaño medio do recurso.

Con respecto aos **participantes:** no plan de explotación propoñen como participantes 5 embarcacións e 10 tripulantes (5 vacantes). Á vista dos datos obtidos durante o desenvolvemento do plan experimental, o esforzo pequeno autorizado será de 4 embarcacións (3,25 embarcacións e 4 mergulladores).

Non se acepta a inclusión da embarcación _____ por non ter un mergullador enrolado e non constar no anexo da actividade de mergullo do plan.



O resto das embarcacións teñen 5 artes no seu permiso de explotación, polo que deberán renunciar expresamente a unha das artes, tendo en conta que de acordo co establecido no artigo 2º bis da Orde de 3 de maio de 2007 pola que se modifica a Orde de 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia *a inclusión nun plan de explotación suporá a autorización para o emprego da arte a que se refira o dito plan. Se a embarcación contase no seu permiso de explotación con 5 artes distintas á utilizada no plan, o armador deberá renunciar a unha delas para que se autorice a súa inclusión no plan de explotación. A súa renuncia terá os seus efectos durante a vixencia do plan de explotación, e unha vez finalizado este recuperarase a arte renunciada de xeito automático.*

De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15:00 horas”.

Dado que no plan non aparece ningún método ou ferramenta, cumpre lembrar que segundo o artigo 127 do Decreto 424/1993 as artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita.

O informe da actividade de mergullo de data 14.11.2008 é favorable a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre que o mesmo sexa aprobado á efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco para cada subzona, deberán ser remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
(4): Indicar en negrita o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
-